

## O peso do meu desexo

Dez anos deitándome con el, dez anos de beixos fuscos de boas noites, dez anos palpan-do ás cegas a súa entreperna, só para que el retirase a miña man de mala maneira, «estate quieta dunha vez», despois dun par de minutos de caricias inútiles.

Había outras. Eu sabía. Aquela carta, a foto dunha loura no peto interior do saco, as mamilas da perruqueira apuntándose aos ollos, «o teu marido é un home encantador», as chamadas de teléfono, as citas coidadosamente anotadas na axenda. Pero calei, anoeime as tripas e calei. Non o quería perder. A pesar do presente de todos os anos, un tarro de crema *Ponds* para as engurras, a pesar das noites de insomnio no sofá mentres el durmía a perna solta na nosa cama, a pesar do cepillo de dentes sen usar, dos calcetíns sucios pendurados da barra do baño, dos calzóns coa marca vermella dos beizos da outra. Eu quería.

Quería, si, e aínda tiña memoria para lembrar o seu corpo sobre o meu e as súas arfadas e os meus xemidos, e as cousas que el me dicía mentres empurraba unha e outra vez dentro de min, e o calafrío final e aquel olor e despois o delicioso latexo no meu interior, a súa man gardando o meu talle ata que chegaba o sono.

Mais chegaron as mulleres e con elas o pranto, o consolo da comida, os quilos. El deixou

de desexarme e eu pasei de vítima a culpable. Culpable de saber a verdade e non ter a valentía de afrontala, culpable de agardar ás escuras os seus ronquidos para proporcionarme a min mesma o pracer que el me negaba, culpable de enganar ao meu marido coa miña man, culpable de pensar, oh deus, que esta era moito mellor amante ca el.

Dez anos. Ata que unha noite a miña man prendeu a miña fogueira dúas, tres veces, e non foi dabondo. E volvinme cara a el, e aspirei o seu olor de home durmido, e foi como se unha corrente de aire fresco percorrese o meu corpo avivando as brasas entre as miñas pernas. E incorporeime e axeonlleime sobre el e afundín o meu sexo no seu rostro, suxeitando a súa cabeza entre as miñas coxas. El, aínda durmido, respondeu, e eu, a amazona máis lixeira, máis fermosa do mundo, galopei sobre meu marido con forza, saltando cercas, facendo renxer as pólas que bordeaban o camiño, guiando coas miñas coxas á montura que me levaba ao paraíso.

Foi despois, cando me deixei caer sobre el, esgotada e feliz, e o meu oído rexistrou o silencio que habitaba o seu peito, foi entón cando souben que a miña montura me abandonara definitivamente á metade do traxecto.

---

\* Os dous primeiros relatos (“O peso do meu desexo” e “Ela, eu, todos os demais”) e mais o último (“A ferida”) foron publicados en *A ferida* (Xerais, 2004); o terceiro (“Reset”) apareceu na revista *Tempos Novos*.

## Ela, eu, todos os demais

Ela era eu, e máis. Nunca pensei que os incisivos, que eu perdera parvamente xogando ao brilé, puidesen resultar, colocados por un corrector dental, encantadores. E os seus beizos, eses beizos perfectos, sen léntigos, o inferior máis groso, o seu suave declinar cara ao queixo. A pel sen brillos, a graxa controlada por algún elixir marabilloso, as pálpebras levemente caídas, si, pero con graza, de xeito que a mirada adquirise unha maior profundidade. E que dicir da pel. Sen rastro de dedos nerviosos que tivesen furgado nela, deixando un rastro de minúsculos cráteres.

As mans eran as mesmas mans vulgares que eu odiara sempre, de palma ancha e dedos curtos, pero ela levábaas perfectamente amañadas. Non era unha manicura de cando en vez, era un tratamento de beleza constante. Mans suaves, de crema hidratante e cutículas perfectas, verniz mate a xogo co carmín dun vermello ferinte, o carmín que eu sempre pensara que tiña que quedarme ben e que nunca me atrevera a levar.

Cada vez viña con máis frecuencia. Planábase fronte do andel dos libros de decoración, sacaba do bolso un caderno e copiaba os deseños das cortinas, dos estores, das fundas para os sofás, mentres amordicaba o beizo inferior. Unha pequena ladroeira de ideas. Semellaba unha cativa, unha de esas rapazas nada inxenuas que nunca pechan os ollos cando as beixan. Eu non dicía nada. Limitábame a mirala, demasiado sorprendida polo parecido. Estudaba os seus xestos. Os meus xestos. Tiña a oportunidade única, impensable, de contemplar dende todos os ángulos unha versión certamente mellorada de min mesma.

Un día achegouse a min e díxome, cunha voz que eu coñecía moi ben:

—Poderías prestarme un boli? Quedei sen tinta.

—Que?

—O boli. Sen tinta. Mercaría un —sinalou cunha unlla perfectamente pintada o andel cheo de bolígrafos, detrás do mostrador— pero non trouxen cartos. Nunca levo cartos.

—Ah, xa. Azul? Aquí tes —fixeime no seu pelo— Dóече a cabeza?

Ela dirixiume unha ollada de sorprendido receo.

—Como o sabes?

Rin.

—É polo floco. Cando me doe non fago outra cosa que pasar a man pola fronte, e quédame así, disparado. Coma a ti.

Miroume sen demasiado interese.

—Que ben. ¿Tes unha aspirina?

—Putá? Es putá? —ela asentiu, riseira— Vaia. Déixasme de pedra. Non, non é que me importe, paréceme unha profesión coma outra calquera, pero... Putá? ... Perdoa, pero, que se sente sendo putá? Non é curiosidade, non. É que, sabes?, nunca pensara que puidese estar alí a miña... Puta. Que forte.

Invitáara a tomar café no bar de enfronte. Dende a nosa mesa xunto á ventá podía ver os clientes pegar o nariz á porta de cristal da librería, tarugos con mono de Marca. En menos de media hora sabíao todo sobre ela. Tiña pai e nai e, sorprendentemente, ningún deles coincidía cos meus.

Ocorrúseme de socato.

—Oe, Canto me cobrarías por verte núa?

Tiña un pequeno apartamento a un par de bloques da librería, cheo de mobles pesados, coxíns amarelos sobre os sofás amarelos, cortinaxes amarelas sobre os amarelos estores. Sacara bo partido das ideas roubadas na librería. Mágoa que non lera ningún manual sobre a cor.

A cama era enorme. A colcha dourada semellaba unha charca de ouriños. Ela chiscou-me un ollo dende o outro lado da habitación.

—Como queres que o faga? Con música? —deixou o bolso enriba da cómoda, quitou o pano do colo e dobrouno con coidado— Dime, que é o que che gusta?

*(Os seus ombros sacudindo a blusa mentres as súas mans desabrochan a saia que se escorre sobre súas coxas ata os pés de unllas pintadas, as súas mans nas costas, abrindo o broche do sostén, o xesto dos ombros liberando os peitos, as palmas das mans sopesándose, acariñando as mamilas que, nun xesto*

*automático, se levantan, as bragas nos nocellos, a perna alzada para que o encaixe caia ó chan, ela, eu, núa e perfecta coma xamais o fun, inclínase sobre a cama e apúntame co seu peito redondo, mentres a miña voz murmurame nos seus beizos, «Trinta máis, e quedas toda a noite»)*

Acomodei a cabeza no seu ventre. Os meus dedos enredáronse no seu vello, brillante e negro. Mañá preguntaría que utilizaba para que esa mata indómita que me medraba entre as pernas estivese tan sedosa. Case domada.

Quizais, despois de todo, non fosemos tan parecidas.

## Reset

O home observa a muller que se afana na cociña. Inicia o xesto de se levantar para a axudar, mais a ollada acusadora dos xemelgos deteno á metade do xesto e volve sentar, desacougado. Os nenos teñen razón. Sería unha imprudencia. Hai uns meses xamais se lle ocorrería iniciar tal movemento, afeito como estaba ao rol do home da casa.

Así que xoga cos cubertos, inquedo, mentres segue coa ollada a representación cotiá: como a muller lles serve os pratos aos rapaces, como estes agradecen a sobremesa cun sorriso e, despois de lles pedir permiso para encetar a torta, compiten para ver quen a remata primeiro.

A muller inclínase cara a el para lle pór o prato. Aproveita o xesto para lle acariñar, le-ne e doce, a meixela, como se precisase comprobar que aínda está aí, e logo senta fronte del, diante dun prato baleiro. Teño que vixiar o meu peso, xustificase acotío, mentres segue coas mans a curva perfecta das súas cadeiras. Noutro a el gustáralle o aceno. E todo o que viña despois.

Agora os seus desexos son ben outros. Volve a ollada unha e outra vez desa sobremesa que non lle apetece nada cara ao vello reloxo encol do chineiro. A dúas voltas da agulla máis curta está ela. Puro século vinte e un. Tan distinta desta muller exquisita que só vive para lle cumprir os desexos.

Un dos xemelgos céiballe unha patada por baixo da mesa, volvéndoo á realidade. Ela fítao, sorprendida quizais pola súa falta de apetito. O home procura componse o xesto, e antes de que a muller poida dicir ren divide a torta en anaquiños que engule coma as doas dun rosario. De certo que esta tarde ela ten un plan —a súa axenda está ategada deles—, de certo que a súa desgana pola sobremesa está a atrasala. Non quere desairala. Aínda non.

*(Para toda a vida. Ese fora o trato. El non o crera nin sequera cando o estaba a dicir, e supuxo que ela tampouco, pero gustoulle o xeito que tivo de o finxir. Non tardou moito en descubrir que a muller era unha crente imperiosa, atafegante, na familia perfecta, xorda e cega a todo aquilo que non respondese á*

*imaxe que se fixera de si mesma e daqueles que cría lle pertencían, implacable cos defectos alleos, friamente enciclopédica naquilo que teimaba en chamar vida en común).*

E porén, cando ela levanta da mesa para se achegar de novo a el, radiante, o rostro fermoso que os outros tres aborrecen, non pode evitar sentir certa culpa; máis aínda cando ela o abraza forte, cos ollos pechos, e sente os seus beizos no colo, a lingua a buscar o latexo do sangue no pescozo, nunha aperta que dura os poucos segundos que tarda o corpo del en se esvaecer, facendo que os brazos dela caian inútiles sobre o respaldo.

A muller déixase caer na cadeira del, aínda quente.

Os xemelgos fitana, inexpresivos. Logo comezan falar asemade.

—Xa nunca el?

—Opinión nosa non?

—Cansos xa. Nunca mellor?

Belixerantes. Imperfectos. Acusadores. Totalmente fóra do papel.

A muller crava as unllas no mantel e adícalles o seu mellor sorriso. Sinala a porta que dá ao xardín.

—Ide fóra un anaco, si? Mamá precisa estar soa.

Mais eles non se moven. Inclinan as súas cabeciñas e comezan borborear entre si nesa súa fala inconexa, impropia dos seus oito anos. Antes a preocupaba o lento da súa aprendizaxe. Leva tempo a sospeitar que o fan á mantenta.

Suspira. Non pode tolerar unha rebelión máis. Pecha os ollos.

Cando os abre xa non están.

O novo esforzo déixaa esgotada, no bordo da desaparición. Sen o home, sen os nenos, séntese irreal por vez primeira en moito tempo; volve ser un pensamento confuso e medorento que percorre un baleiro sen fin. Buscando deter a vertixe, ancora os ollos no pratinho que ten diante. Colle o garfo, afunde forte os dentes na súa palma. Si. Aínda está aí. Aínda é quen de sentir, de lembrar a primeira vez que tocou a súa pel, que mordeu unha mazá. Que deixou que el lle acariñase o interior das coxas.

*(Antes de se decidir estudou todas as opcións. Elixiu muller. Século vinte. Último terzo. Non pensar, só ser. Dependente, feble, feminina. Logo atopouno a el. Mesma época, responsable, forte, masculino. Programados para a felicidade. E así foi, un tempo. Ata que el se volveu un xogador descoidado, esquecendo horarios, obrigas, caricias. Introducendo anacronismos. Esnaquizando as regras do xogo ao admitir no taboleiro unha nova contrincante)*

Concéntrase no pracer que lle provoca ese rastro salgado que esvara cara á súa boca. Bágoa. Coñece a palabra, mais nunca sentira o seu sabor. O seu corpo, que tantas sorpresas garda aínda. Pregúntase como será a súa nova vida. Se botará de menos os nenos. Se seguirá a sentir a picada do desexo, o devezo por esoutro corpo que xa non está. Que xa nunca estará.

Esposa e nai. É todo ao que sabe xogar.

## A ferida

*La madurez de repente  
un día cualquiera*  
(Isabel Bono)

A súa barba rabuñando as túas meixelas, lixa na pel dun bebé. Falar de peles, pensar en peles quince anos máis tarde mentres el, o seu bandullo rozando a fechadura do Volvo, fala polo móbil cun tal Xaime, ao que imaxinas miope e virxe, e ti, no coche aparcado xusto detrás, bates cos cotelos no volante, coa certeza de que ese corpo ventruado que, poderías xuralo, apesta a colonia e a tabaco, é o do home da túa vida. Que ese tipo vulgar, un absoluto cabrón, é o desexo para ti.

Pecha o teléfono, gárdao nun peto, saca do outro a chave do coche.

—Carlos? —asomo a cabeza pola xaneliña. Interrómpoo no medio dun esgarro. El volve cara a min os seus ollos redondos e ovinos. Detén a chave no seu camiño ó fecho, sostena un segundo no aire antes de agarrar firmemente o chaveiro e apuntarme con el.

—Ti, ti... —*pequena zorra, puta, cabrona de merda*, non é iso o que estás a buscar na túa memoria?— Adela? —asinto brevemente coa cabeza. El encrequénase xunto á porta do coche, coloca o seu rostro a miña altura. Ule a colonia e a tabaco— Adela. Vaia. Canto tempo. Que é da túa vida?

O seu rostro afeitado, esbrancuxado, inchado, ás sombras baixo as pálpebras. Tan distinto. E, no entanto, é el. O pelo mouro, sen unha soa cana. As orellas pequenas, pegadas ao cranio. Os dentes perfectos, tan brancos. El ensinoute a cepillalos, lembras. Supervisábate

antes de cada mamada. Ante todo, a hixiene. A hixiene. Canta merda dentro. Canta. Adela a catro patas nun portal. Adela tirada no corredor, expulsada da cama porque a súa tose de alérxica non o deixa durmir. Os fungos de Adela, o pranto de Adela, as mans de Adela buscando o seu corpo no oco baleiro da cama. A soidade de Adela na clínica, mentres a máquina devora unha vida nas súas entrañas.

A habitación dun hotel de verán en pleno inverno, o frío baño azulexado ata o teito. Cepillas con forza os dentes, arriba e abaixo, o interior das fazulas, a lingua.

Sobre a colcha, espido, agarda el, apaxando distraidamente o seu pene. Óete entrar, mírate, sorrí.

—Non cambiaches nada.

—Ti tampouco —minto. Axeónllome sobre o leito, collo o seu sexo, frío e flácido, entre as miñas mans, métoo na boca e chucho. Chucho coma se ese fose o obxecto da miña vida, coma se non nacese máis que para ter o seu sexo turrando contra o meu padal unha e outra vez. El empurra cunha man a miña cabeza, mentres un dedo áspero, de unlla longa, furga na miña vaxina, buscando algo que xa non está alí. A súa voz, algo máis rouca que hai quince anos, repite, es unha zorra, unha zorra, ben sei o que che gusta, e eu pecho os ollos con forza, esperando que a dor me faga esquecer a pequena pantasma entre as miñas pernas.